

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**12894** *Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece no seu artigo 21 unha avaliación individualizada ao finalizar o sexto curso de educación primaria. Tamén establece a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no seu artigo 144.1, que os criterios de avaliación correspondentes ás avaliacións individualizadas serán comúns para o conxunto do Estado.

No artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, indícase que corresponderá ao Goberno determinar os criterios de avaliación do logro dos obxectivos das ensinanzas e etapas educativas e do grao de adquisición das competencias correspondentes, así como as características xerais das probas en relación coa avaliación final de educación primaria.

Pola súa vez, a disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, establece o calendario de implantación das avaliacións individualizadas.

Por outro lado, o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, establece no artigo 12.4 que ao finalizar o sexto curso de educación primaria se realizará unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e alumnas, na cal se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. A dita avaliación realizarase de acordo coas características xerais das probas que estableza o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

As avaliacións finais externas configuran un sistema de sinalización claro dos obxectivos que se deben cumprir ao final de cada etapa, e das competencias que o alumnado debe adquirir, que ofrecerá ás familias información sobre o progreso dos seus fillos e a garantía de que as titulacións do sistema educativo responden a unhas exixencias mínimas.

As avaliacións finais apoian os procesos de aprendizaxe e clarifican as necesidades específicas do alumnado. Trátase de impulsar un modelo de avaliación que fundamentalmente desenvolva e fomente a posta en práctica das competencias clave que o alumnado debe adquirir, e que implique procesos cognitivos de grao superior en que o alumnado debe comprender, analizar, extraer información, sintetizar, deseñar, xustificar ou extraer conclusións.

En educación primaria, o marco de avaliación deseñado obedece a unha proposta de comprobación do grao de adquisición das competencias en comunicación lingüística, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Os obxectivos son, en primeiro lugar, diagnosticar de forma temperá dificultades de aprendizaxe; en segundo lugar, orientar e informar o alumnado, as familias, os equipos docentes, os centros e as administracións educativas sobre o progreso do proceso de ensino-aprendizaxe, a adecuación da programación educativa e da metodoloxía didáctica utilizada aos obxectivos da etapa e as competencias que debe adquirir o alumnado, e as necesidades e aspectos en que é precisa unha intervención, mellora ou adaptación curricular para garantir a adecuada evolución do alumnado no sistema educativo, e, por último, facilitar a transición entre as etapas educativas educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que terá carácter informativo e orientador para equipos docentes, familias e alumnado. Ademais, as administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora de centros en función dos seus resultados.

Os resultados das avaliacións finais de etapa ofrecerán aos profesores, ao alumnado e ás familias a definición das metas e dos obxectivos comúns que se deben superar ao final de educación primaria. Así, ofrecerán ás familias información sobre o progreso dos seus fillos no sistema educativo; aos centros docentes e aos profesores, elementos clave para a detección de deficiencias de aprendizaxe de forma temperá en educación primaria e información sobre o resultado do proceso de ensino-aprendizaxe; aos centros docentes, profesores e administracións educativas, unha ferramenta máis para abordar un cambio na metodoloxía do ensino, que supere un modelo baseado case exclusivamente na memorización e evolucione cara a un modelo que integre as competencias.

Pola súa parte, ofrecerán ao alumnado motivación para permanecer no sistema educativo e continuar os seus estudos máis aló das etapas obrigatorias, e premio aos bos resultados, ao esforzo e á responsabilidade; aos centros, a posibilidade de verificar o resultado do exercicio da autonomía que a lei lles concede para configurar a súa oferta formativa e definir os seus métodos pedagóxicos, e, en xeral, á sociedade, a garantía de que as titulacións do sistema educativo responden a unhas exixencias mínimas comúns a todo o territorio, equiparables ás establecidas no ámbito internacional.

O obxecto do presente real decreto é a regulación das características xerais das probas da avaliación final de educación primaria co fin de asegurar unhas características de avaliación mínimas comúns a toda España.

Este real decreto apróbase ao abeiro do artigo 149.1.30ª da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia. De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é posible a intervención excepcional do regulamento na delimitación do básico, entre outros supostos, cando a utilización do regulamento resulte xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación e emitiu ditame o Consello Escolar do Estado, emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e consultáronse os organismos e organizacións máis representativas e, en xeral, toda a comunidade educativa a través dun trámite de información pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de novembro de 2015,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Ao finalizar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación externa individualizada ao alumnado de todos os centros docentes do Sistema educativo español.

2. A avaliación realizarase a todo o alumnado que estea cursando sexto curso de educación primaria.

##### Artigo 3. *Finalidade.*

A avaliación de todo o alumnado ao concluír a educación primaria terá como finalidade comprobar o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da

competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

Artigo 4. *Configuración xeral das probas.*

1. O deseño, aplicación e corrección das probas corresponde ás administracións educativas competentes, que deben garantir as condicións adecuadas da súa aplicación e cualificación.

2. Corresponde ás administracións educativas competentes concretar os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o deseño das probas da avaliación final de etapa da competencia lingüística en lingua cooficial e literatura, así como aplicar as ditas probas.

Estará exento de realización destas probas o alumnado exento de cursar ou de ser avaliado da materia de lingua cooficial e literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

3. As probas da avaliación final de educación primaria agruparanse en tres ámbitos: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

a) A avaliación no ámbito da competencia en comunicación lingüística centrarase nas dúas destrezas que delimitan o campo da competencia comunicativa: a comprensión e a expresión. Por tanto, avaliará as destrezas de comprensión escrita e oral e expresión escrita. Ademais, poderá avaliar a expresión oral. A avaliación destas destrezas poderase levar a cabo mediante probas diferentes ou mediante unha proba integrada que as valore.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contextos próximos á vida do alumnado e incluírán situacións persoais e familiares, escolares, sociais e científicas e humanísticas.

Os textos poderán ser de diversos tipos e formatos, tales como narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos e/ou argumentativos; continuos, descontinuos ou mixtos.

A avaliación da comprensión valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos á localización e obtención de información, á integración e interpretación, e á reflexión e valoración.

A avaliación da expresión valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos á coherencia, á cohesión e á adecuación e presentación das súas producións lingüísticas e, no caso da expresión oral, á fluidez e á interacción oral.

b) A avaliación no ámbito da competencia matemática implicará a aplicación de coñecementos e razoamentos matemáticos para a resolución de problemas en contextos funcionais relacionados coa vida cotiá.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contextos próximos á vida do alumnado e incluírán situacións persoais e familiares, escolares, sociais e científicas e humanísticas.

A avaliación valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos de coñecemento e reprodución de definicións, conceptos e procedementos matemáticos; aplicación e análise de coñecementos para a resolución de problemas; o razoamento e a reflexión sobre as estratexias e os métodos para a resolución de problemas non obvios, e a validación de resultados.

c) A avaliación no ámbito das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía incluírá a avaliación das habilidades dirixidas a xerar coñecemento científico mediante a recolección de información, formulación de hipóteses, resolución de problemas ou toma de decisións baseadas en probas e argumentos.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contextos próximos á vida do alumnado e incluírán situacións persoais e familiares, escolares, sociais, científicas e humanísticas.

A avaliación valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos ao coñecemento e reprodución de feitos, conceptos e procedementos; á aplicación e análise de coñecementos para xerar explicacións e resolver problemas prácticos, e ao razoamento e reflexión utilizando as evidencias e a comprensión científica.

Artigo 5. *Estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación.*

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación do logro dos obxectivos da etapa de educación primaria e do grao de adquisición das competencias correspondentes serán os establecidos nos anexos I e II do Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de educación primaria.

Artigo 6. *Convocatorias.*

As administracións educativas convocarán todo o alumnado de sexto curso de educación primaria á realización da avaliación final de etapa ao finalizar o dito curso.

Artigo 7. *Desenvolvemento e aplicación das avaliacións finais de etapa.*

1. A Administración educativa competente establecerá procedementos para a selección do profesorado funcionario do Sistema educativo español externo aos respectivos centros docentes, encargado de aplicar e corrixir as probas, así como para a realización e o seguimento e supervisión que aseguren unha correcta aplicación e corrección das probas de acordo coa normativa básica aplicable.

2. Os equipos directivos e o profesorado dos centros docentes participarán e colaborarán coas administracións educativas nas avaliacións que se realicen nos seus centros.

3. A avaliación das competencias en relación coas materias distintas de Lingua Castelá e Literatura, primeira e segunda lingua estranxeira e lingua cooficial e literatura poderase realizar en lingua castelá ou na lingua cooficial correspondente, a elección dos pais, nais ou titores legais.

4. Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal das persoas, en cada convocatoria as administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para adaptar as condicións de realización das probas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. En función da necesidade, poderanse adoptar medidas tales como a adaptación dos tempos, a utilización de formatos especiais e a posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos e dos apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das probas, ou a garantía de accesibilidade da información e da comunicación dos procesos e da do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva. Os responsables da orientación en cada centro educativo realizarán un informe por cada alumno ou alumna a que se refire este número, que será tido en conta á hora de establecer as adaptacións que procedan.

As adaptacións non computarán de forma negativa na nota final obtida nas probas.

5. De forma simultánea á celebración da avaliación final de etapa aplicaranse cuestionarios de contexto, que elaborará o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Estes cuestionarios permitirán obter información sobre as condicións socioeconómicas e culturais dos centros para a contextualización dos resultados obtidos.

Artigo 8. *Resultados.*

1. O resultado da avaliación final de etapa expresarase nos seguintes niveis para cada unha das competencias: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (B), notable (NT) e sobresaliente (SB).

As administracións educativas competentes farán constar o nivel obtido por cada alumno ou alumna nun informe individual, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e trasladado aos centros en que o alumnado deba proseguir a súa escolaridade. O informe terá carácter informativo e orientador para os centros en que cursasen sexto curso de educación primaria e para aqueles centros nos cales vaian cursar o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, nais ou titores legais e o alumnado.

2. O resultado da avaliación de lingua cooficial e literatura terase en conta na mesma proporción que o resultado da avaliación no ámbito da competencia en comunicación lingüística en relación con Lingua Castelá e Literatura.

3. As administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, establecesen. En relación cos centros concertados, observarase a normativa reguladora do concerto correspondente.

4. Os resultados das avaliacións finais de etapa serán postos en coñecemento da comunidade educativa, mediante indicadores comúns para todos os centros docentes españois, sen identificación de datos de carácter persoal e logo de consideración dos factores socioeconómicos e socioculturais do contexto. Os indicadores comúns a todos os centros docentes españois serán establecidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

#### Artigo 9. *Revisión dos resultados das avaliacións.*

Os pais, nais ou titores legais poderán solicitar a revisión dos resultados obtidos na avaliación final de etapa ante o organismo competente de cada Administración educativa.

#### Artigo 10. *Calendario escolar.*

Os días dedicados ás avaliacións finais de etapa incluíranse no cómputo anual de días lectivos do calendario escolar.

Disposición adicional única. *Adaptación das normas recollidas neste real decreto ás necesidades e á situación dos centros situados no exterior do territorio nacional, dos programas internacionais e da educación a distancia.*

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá adaptar as normas recollidas neste real decreto ás necesidades e á situación dos centros situados no exterior do territorio nacional, dos programas internacionais e da educación a distancia.

Disposición transitoria única. *Obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obligatoria polos titulados en Formación Profesional Básica nos cursos 2015/16 ou 2016/17.*

Os alumnos e alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica nos cursos 2015/16 ou 2016/17, en canto non sexa de aplicación a avaliación prevista no artigo 44.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderán obter o título de Educación Secundaria Obligatoria sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

Nestes casos, a cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación.*

A avaliación final de educación primaria implantarase no curso escolar 2015/16.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Modifícase o punto quinto do anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen

as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que queda redactado como segue:

«Lingua estranxeira (francés, inglés, alemán).	Título de grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria que inclúa unha mención en lingua estranxeira no idioma correspondente e, ademais do mencionado título, a acreditación do nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas. Títulos de grao no ámbito dunha lingua estranxeira no idioma correspondente. Título de mestre, especialidade de lingua estranxeira (Real decreto 1440/1991) no idioma correspondente. Título de diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica, especialidade de Filoloxía no idioma correspondente. Certificado de nivel avanzado ou certificado de aptitude da escola oficial de idiomas correspondente. Título de licenciado en Filoloxía do idioma correspondente. Título de licenciado ou diplomado polas facultades ou escolas universitarias de idiomas (tradución e interpretación) no idioma correspondente.»
--	--

Disposición derradeira terceira. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación de normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO